



## **Orde do 4 de febreiro de 2022 pola que se aproba o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2022**

A Constitución española de 1978, no seu artigo 40.2, establece como un dos principios reitores da política social e económica a obriga dos poderes públicos de velar pola seguridade e hixiene no traballo, mandato que abrangue todas as administracións públicas, cada unha no ámbito das súas competencias. Asemade, no seu artigo 35 recoñece o dereito ao traballo, o que implica o fomento dunhas condicións laborais dignas e seguras. No seu artigo 149.1.7 atribúelle ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución por parte das comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 29 que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación básica do Estado en materia laboral.

O Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) é un organismo autónomo dos regulados na sección 2ª do capítulo II Título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento do sector público autonómico de Galicia, adscrito organicamente á Consellería de Emprego e Igualdade, que de acordo co establecido na Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, e nos seus estatutos aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, se configura como un órgano técnico-científico da Xunta de Galicia en materia de seguridade e saúde no traballo.

O Issga ten como obxecto a xestión e a coordinación das políticas que nesta materia establezan os poderes públicos de Galicia, coa participación activa no deseño e execución dos interlocutores sociais de Galicia, para a mellora das condicións de traballo co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo. Todo isto de xeito coordinado coas autoridades laboral, sanitaria e mineira e outras unidade directivas da Xunta de Galicia.

O artigo 36 dos estatutos do Instituto establece que este desenvolverá as súas actividades consonte o establecido no seu plan anual de actuación, como instrumento fundamental para dar cumprimento aos fins e desenvolver as funcións que lle son propias, na actualidade dentro da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2017-2020, aprobada pola Xunta de Galicia no marco do dialogo social e que se prorroga durante o 2021 e 2022.



Neste plan distínguense iniciativas novas que teñen unha duración limitada no tempo, que pode ser anual ou nalgúns casos plurianual, outras que supoñen a continuación de actividades iniciadas en anos anteriores e outras que constitúen actuacións de carácter permanente do Issga, de acordo coas funcións que ten encomendadas segundo o establecido na súa lei de creación e nos seus estatutos. Subliñar que proseguirase coas actuacións específicas de asesoramento técnico por mor das medidas preventivas necesarias nos centros de traballo pola actual pandemia e como aprendizaxe para futuras posibles crises sanitarias.

De acordo co anteriormente exposto, vista a proposta do Consello Reitor do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia relativa á aprobación do Plan de actuación deste organismo para o ano 2022 logo da súa reunión do día 16 de novembro de 2021, e tras o informe favorable da Consellería de Facenda e Administración Pública

## **DISPOÑO**

*Artigo único. Aprobación do Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2022*

Apróbase o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia para o ano 2022, de conformidade co disposto no artigo 36.4 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2015) e resólvese dispor a publicación do documento aprobado, que estará accesible para a súa consulta no seguinte enderezo web do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia:

[http://issga.xunta.gal/portal/contido/actividade/Plan\\_de\\_actuacion\\_2022.html](http://issga.xunta.gal/portal/contido/actividade/Plan_de_actuacion_2022.html)

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2022

A Conselleira de Emprego e Igualdade

Maria Jesus Lorenzana Somoza

